

Localización xeográfica da Ruta do Vento




Ruta do Vento

É unha das 5 rutas que se poden facer en Trabada. Ruta que discorre na súa totalidade por pistas existentes, de escasa pendente. Ademais da fascinante paisaxe, pódese disfrutar de impresionantes vistas panorámicas dende o alto de **Cerrochán**, dun espazo dedicado ó aproveitamento da enerxía eólica, así como unha explotación mineira a ceo aberto.

A paisaxe está conformada por magníficas fragas (**Cabanela e Vilaformán**) cunha gran diversidade de especies: **érbedos, abeleiras, xardóns e carballos**. Gradualmente esta paisaxe cambia e o sendeiro ábrese a un medio transformado polo home, onde destacan as masas de coníferas (**piñeiro silvestre**).

Sinalización do sendeiro



Continuidade do sendeiro



Cambio brusco de dirección



Cambio de dirección



Dirección errada



Indicador dirección




Derivacións, iguais cunha diagonal

Dificultade: Baixa

Percorrido: 11,25 Km. aproximadamente.

Duración: 4:00 h. mais outra media ata Pena Gorda.

Desnivel: 330 m. aproximadamente.



Concello de Trabada

Concello, 15

27765 Trabada

Teléfono: 982 13 50 11

Fax: 982 13 52 57



Conserva o teu entorno,
non botes lixo na Fraga.



PR 83[®]

GALICIA

Trabada - LUGO

Ruta do Vento

Sendeiros sinalizados



Dende o alto de Cerrochán pódese disfrutar dunhas excelentes vistas dalgúns dos vales que conforman o concello de Trabada.




Ó longo do percorrido poderemos atopar distintas clases de animais salvaxes que se achegan ata ós depósitos de auga a beber.



Seguindo o sendeiro, rodeados pola fraga da Cabanela, chégase a un punto onde o visitante pode deleitarse cunha vista panorámica espléndida da fraga de Vilapena e o seu entorno, ademais de poder contemplar a paisaxe característica deste ecosistema tan típico en Galicia.



Na vertente oposta ó alto de Cerrochán, o visitante atoparase cun pequeno agasallo da natureza, en forma de ferveza, que causará un efecto refrescante na súa persoa. O carón desta ferveza sitúase unha fonte na que poderemos repoiar enerxías para continuar o camiño.



DIRECCION PROPOSTA

Círculo de Actividades
Refuxo Chao do Couso

Piñeiro
(*Pinus sylvestris*)
Árbore da familia das coníferas de follas aciculares en pequenos feixes, masculinas e femininas en distintas polas. É moi característica a súa follaxe verde-azulada. Árbore moi útil pola súa madeira e resina. O seu froito é a piña.

Abeleira
(*Corylus avellana*)
Arboriña caducifolia que non sobrepasa os 6 m. de altura, con follas redondeadas e pilosas. Os seus grupos de froitos pardos, son inconfundibles. As abelás úsanse como alimento ó seren moi nutritivas. As ramas son longas e flexibles, polo que se empregan para facer cestos.

Xardón
(*Ilex aquifolium*)
Arbusto ou árbore de pequeno porte. Follas duras e moi verdes. Posúe flores brancas en acios situados na base das follas. Os seus froitos son ballas vermellas. A súa madeira é dura, moi valiosa para artigos torneados e labrados. A infusión da súa casca úsase para combater os arrefríos.

Erbedo
(*Arbutus Unedo*)
Arbusto perennifolio (ata 12 m.) que nace nos lugares pouco soleiros dos montes baixos de Galicia; ten as follas semellantes ás do loureiro e da froitos comestibles de cor vermella chamados morceos ou morodes. Casca pardo-oscuro que se desprende en tiras.

Carballo
(*Quercus robur*)
Árbore robusta que pode superar os 40 m. de altura. Ten follas lobuladas sen pelo. As flores masculinas son colgantes e amarelas. As feminas son diminutas. O seu froito é a landra, usada como alimento para o gando. A súa madeira é moi dura e utilízase para facer bocois.

Encuberta por unha arboreda atoparemos unha explotación mineira a ceo aberto, de interese por tratarse doutro tipo de aproveitamento dos recursos da zona.



- | | | |
|---------------------|------------------|---------------------|
| Zona de aparcamento | Parque eólico | Explotación mineira |
| Panel informativo | Fonte | Área recreativa |
| Refuxo choiva | Vista panorámica | Ferveza |